



## **Diego Antelo Noya remata terceiro xuvenil no Campeonato de España de Compak Sporting**

Os días 1, 2 e 3 de Xuño tiña lugar no Campo de Tiro 'Cortijo Carrero' de Benamejí (Córdoba) a décima edición do Campeonato de España de Compak Sporting.

O campión galego da modalidade, Diego Antelo Noya, remataba terceiro na clasificación de xuvenís, escachando un total de 169 pratos sobre 200, nunha categoría na que vencía o representante de Castela A Mancha, Eduardo Quintana Gil.

En categoría absoluta, o primeiro representante galego era José Luis Sánchez Mancebo, que escachaba 171 pratos para rematar entre os 30 primeiros da clasificación xeral. O campión nacional foi o andaluz José Manuel Rodríguez Andújar que escachaba un total de 184 pratos.

### **Clasificación Categoría Xuvenil**

Pos.	Tirador	Comunidade	Pratos escachados
<b>1º</b>	Eduardo Quintana Gil	Castela A Mancha	173
<b>2º</b>	Javier González López	Extremadura	169
<b>3º</b>	<b>Diego Antelo Noya</b>	<b>Galicia</b>	<b>169</b>



**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)